BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA (Nº 66) DE DATA 21/03/2006

"Regulamento para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Ferrol.

Artigo 1. Obxecto do regulamento

O obxecto do presente Regulamento é a regulación da cobertura temporal dos postos de traballo incluídos na Relación de Postos de Traballo deste Concello, tanto daqueles reservados a funcionarios como os reservados ó persoal laboral, ben mentres non se proceda á súa cobertura de xeito definitivo ou ben cando se trate de suplir os postos de traballo durante o tempo en que o/a seu/súa titular non preste os seus servicios por estar en situación de incapacidade temporal, ou por período de vacacións ou por calquera outra circunstancia, xenere ou non vacante no posto de que se trate. Non será de aplicación nos casos que o proceso selectivo veña imposto ou non figure a correspondente categoría nas listas formadas.

Artigo 2. Sistema de lista permanente

2.1 A cobertura temporal dos postos de traballo efectuarase a través dun sistema de lista permanentemente aberta na que figurarán os aspirantes que cumpran os requisitos legalmente esixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas e na que a orde de prelación virá dada pola puntuación obtida trala aplicación do baremo que se regula no art. 7 deste regulamento.

2.2 Para os ditos efectos, elaborarase unha lista única para cada escala/subescala e clase ou categoría dentro de cada grupo.

2.3 Para poder ser incluído na lista os interesados terán que reunir os requisitos que para cada escala, subescala, clase ou categoría se recollen na normativa vixente.

2.4 A renuncia a formar parte dunha lista suporá que non terá efectos unha nova solicitude de admisión nesa lista ata transcorrido o prazo dun ano dende a data da renuncia.

Artigo 3. Órganos encargados de elaborar as listas

3.1 Para a elaboración das listas, resolver cuestións de interpretación deste regulamento, así como para o seu control e correcta utilización nomearase por resolución da Alcaldía unha Comisión permanente de selección que terá a seguinte composición:

a) Representantes da administración:

- un/ha presidente/a, que será o/a Alcalde/sa ou concelleiro/a en que delegue.

- un/ha vocal por cada Grupo Municipal do Concello.

b) Representantes dos/as traballadores/as:

- dous vocais, representando ao Comité de Empresa e Xunta de Persoal do Concello.

c) Un secretario, que será o do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

3.2 Poderán asistir ás reunións da comisión permanente de selección, sen dereito a voto, todos e todas os/as concelleiros/as da corporación, así como calquera traballador/a do Concello, que o fará en calidade de observador/a.

Artigo 4.

Unha vez elaboradas as listas pola Comisión Permanente de Selección, elevaranse á Alcaldía do Concello de Ferrol, que as aprobará por resolución e, unha vez aprobadas, expoñeranse no taboleiro de anuncios específico do Concello. Contra a resolución aprobatoria das listas, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na normativa vixente, previo o potestativo de reposición.

Para manter abertas as listas cada dous meses, a segunda quincena do segundo mes, a Comisión de valoración analizará as novas solicitudes recibidas ata o día 15 (inclusive) do mesmo, publicándose no Taboleiro de Edictos a lista provisional de admitidos e excluídos o primeiro día hábil do mes seguinte, dispoñendo os interesados dun prazo de 5 días para reclamacións. Resoltas estas pola Comisión permanente elevarase a definitiva para a súa publicación tamén no Taboleiro. En circunstancias excepcionais de estraordinaria acumulación de novas solicitudes este período poderá prorrogarse un mes máis mediante resolución da Alcaldía que se publicará no Taboleiro.

A actualización de méritos será anual. Para estos efectos os solicitantes deberán presentar na primeira quincena do mes de xaneiro de cada ano a documentación xustificativa dos novos méritos que desexen alegar ou que se lle computen.

En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior.

En calquera momento, os integrantes das listas poderán solicitar, por escrito, que se lles dé de baixa na lista que figuren.

Artigo 5. Situación nas listas

5.1 Os integrantes das listas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ata que se xere o dereito á prestación de desemprego de tal maneira que se a contratación ou nomeamento para a que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ó posto que novamente lles corresponda na lista.

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión para outros da lista sen prexuízo do disposto no artigo 6.

5.2 Rematada a contratación ou o nomeamento, o interesado pasará a ocupar o último lugar que nese momento lle corresponda na lista durante un ano se xerou o

dereito á prestación de desemprego. Finalizado o ano volverá automaticamente ó lugar da lista que de acordo coa súa puntuación lle corresponda.

Artigo 6. Os chamamentos ós aspirantes

6.1 Os chamamentos ós aspirantes faranse polo medio máis urxente que permita a constancia da recepción destes.

Os integrantes das listas que sendo chamados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán, agás que se trate de causa de forza maior, os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose para atender outro chamamento para unha vacante.

6.2 Sen prexuízo do disposto no artigo 5, os chamamentos para prazas vacantes realizaranse tamén segundo a puntuación acreditada nas listas aínda que xa estivera prestando servicios nunha praza que non teña a consideración de vacante. Para os efectos deste regulamento entenderase por praza vacante aquela que careza de titular.

Artigo 7.

O baremo aplicable para a baremación dos méritos será o seguinte:

a) por ter superado algunha proba selectiva correspondente ó último proceso de acceso á condición de funcionario de carreira ou laboral fixo, convocadas polo Concello de Ferrol: 50% da suma das notas das distintas probas superadas no dito último proceso para o acceso ó mesmo corpo, escala, subescala e/ou categoría da lista da que se pretenda formar parte.

b) circunstancias persoais:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,01 por mes ou fracción superior a quince días.

Computarase soamente o tempo transcorrido nesta situación nos dous anos anteriores ó días 1 de xaneiro do ano en que se produza a inscrición. Esta condición acreditarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A puntuación deste apartado porase a cero cada vez que se resolva a nova baremación de listas con motivo do prazo xeral anual de actualización descrito no art. 4, agás que nese período fora alegado e documentado novamente.

c) experiencia profesional, ata un máximo de 5 puntos.

c.1) servicios prestados no mesmo corpo, escala, subescala e/ou categoría ou que se desempeñaran funcións análogas debidamente acreditadas, da lista da que se pretenda

formar parte, no Concello de Ferrol: 0,40 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

c.2) Servicios prestados, no mesmo corpo, escala, subescala e/ou categoría ou que se desempeñaran funcións análogas debidamente acreditadas, da lista da que se pretenda formar parte, en calquera administración pública: 0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

c.3) Por cada mes de servicios prestados, na mesma categoría ou que se desempeñaran funcións análogas debidamente acreditadas, da lista da que se pretenda formar parte, e referidos ós últimos 5 anos, na empresa pública : 0,05 puntos/mes; na empresa privada: 0,02 puntos/mes.

d) formación:

d.1) Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos pola administración pública, universidades, Inem, Formación continua do AFCA (Acordo de formación continua para as Administracións Públicas) ou formación ocupacional, ata un máximo de 2,00 puntos:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.

- De entre 71 e 100 horas: 0,50 puntos.

- De entre 41 e 70 horas: 0,35 puntos.

- De entre 16 e 40 horas: 0,20 puntos.

- Ata 15 horas: 0,10 puntos.

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, aplicarase a puntuación mínima.

d.2) Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndolle validez soamente ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- En grao de iniciación: 0,50 puntos.

- En grao de perfeccionamento: 0,75 puntos.

De producirse un empate na puntuación final darase prioridade a quen tivera a maior puntuación no apartado a) e, de persisti-lo empate, irase dando prioridade a quen tivera maior puntuación nos apartados sucesivos. De continuar o empate resolverase por sorteo, a partir da primeira letra do primeiro apelido dos/as aspirante/s e tomando en consideración a letra do abecedario sorteada anualmente ó efecto pola Consellería da CCAA de Galicia competente en materia de Función Pública.

Artigo 8.

Ós/as aspirantes daquelas categorías, escalas ou especialidades que, pola función que vaian a desenvolver e previo informe da comisión de persoal, así o considere necesario a comisión permanente de valoración, poderá esixírselles unha proba práctica sobre as funcións propias da categoría, sendo necesaria a cualificación de apto/a para ser contratado/a.

Esta situación darase a solicitude do servicio afectado quen deberá manifestala motivación e contido da proba en relación ás funcións que se vaian desempeñar. De todo iso garantese o coñecemento previo polos chamados a participar nela con antelación suficiente e o concurso a ela en condicións de igualdade.

Estarán exentos/as de realizar estas probas aqueles/as aspirantes que acrediten a posesión da titulación de FPI, FPII ou equivalentes na rama correspondente, que se especificará en cada caso, ou aqueles que superasen a proba práctica nas respectivas convocatorias de acceso ou o período de proba na mesma categoría en contratos anteriores.

Artigo 9. Nos supostos das prazas/postos que, por estar vacantes, se cubran interinamente con persoal destas listas, establécese a obrigatoriedade de que se inicie o procedemento administrativo para cubrilas con funcionarios de carreira, dentro do prazo dun mes, contado a partir da toma de posesión do funcionario/a interino/a.

Artigo 10. Instancia

Os interesados en formar parte das listas cubrirán a instancia segundo o modelo que figurará na correspondente convocatoria, xuntando a esta toda a documentación (orixinal ou fotocopia compulsada) que para acreditar os méritos alegados considere suficiente e a presentarán no Rexistro Xeral deste Concello ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, cubrirán se e o caso, o correspondente modelo, aquelas persoas que atopandose xa incluídos nunha lista desexen presentar novos méritos a valorar.

Disposición Transitoria.

Para a entrada en vigor do novo sistema de cobertura por resolución do Alcalde abrirase un prazo de 20 días para que os interesados presenten as súas instancias acompañadas da documentación que acredite os méritos que, de acordo co baremo, desexen que se lles teñan en conta.

Disposición derrogatoria.

Queda derogado o Regulamento regulador da selección do persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Ferrol aprobado polo acordo plenario do 23 de decembro de 1999, publicado no BOP do 10 de xaneiro de 2000.

Disposición derradeira.

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte do prazo establecido no artigo 70.2, en relación ao 65.2, da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local.